

ACTIVIDADES PARA FACERDES

INSTRUCCIÓN:

ATENCIÓN a estas normas que vou escribir:

1. Vou mandar traballo varias veces, o que quere dicir que tedes que mirar a páxina web do centro para saber se hai traballo e de que materias. Farei isto eu e outro profesorado.
2. Comezamos con lingua galega. **Lede toda a tarefa antes de comezar a facela.**
3. Páx. 128: o texto expositivo (ledes a teoría sobre o que é, as características, os conectadores, os tipos de texto, etc. Toda a páxina).
4. A continuación facedes as actividades da páx. 128: a 1 (os catro puntos) e a 2. **Olo!**
O texto co que tedes que traballar está na páxina 129.
5. Pasamos á **Unidade 8**. Lede o texto que está ao principio de todo: **Feito á man** e facede os dous puntos que están aí en Le e contesta.
6. Páxina 134-35: facede a lectura do texto, buscando todo o vocabulario que se descoñeza e anotándoo no caderno.
7. Páx. 136: exercicios 1,2,3,4,5,7,9 e 10.
8. Páx. 137: Le a teoría de **Galego: lingua útil** e fai o exercicio 3.
9. Páx. 139: exercicios 2,3,4,5,6,7 e 9. Lembra buscar no dicionario o significado das palabras que descoñezas.
10. Páx. 143: exercicios: 1,2,3,4,5,6 e 7.

Ben rapaces, este é o labor para esta semana. Repartídeo cada día unha hora.

SUXESTIÓN: eu faría o horario normal do instituto, así tedes un pouco máis libre a tarde. Madrugades e comezades como no insti.

Estas actividades, en principio ímolas deixar para corrixir á volta, pero se as cousas cambian, calquera día podo pedírvolas e tedes que enviarmas. Polo tanto debedes facelas diariamente. Olo, coas outras materias que vos envíen material vai pasar o mesmo.

ESTAR NA CASA NON QUERE DICIR ESTAR DE VACACIÓNS. TODOS TEMOS QUE TRABALLAR.

Unha aperta e espero que todxs, xunto coas vosas familias esteades ben.

Isolina